

## ACTA DA SESION DE REALIZACIÓN DO CONCURSO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE OFICIAL ELECTRICISTA

Sendo as 10 horas do día 15/07/2026 na Bibioteca Municipal do Concello de Cerceda, reúnese o tribunal para a realización da proba tipo test para a creación dunha bolsa de emprego de oficial electricista Do que forman parte:

Presidente: D. Angel Loureiro Pereiro.

Vogales:

Dna. Patricia Silveira Campos

D.David Lois Fraga.

Dna. Sandra Casas Prego

Secretaria:

Dna. Belén Viqueira Tasende

**PROBA ESCRITA:** Exercicio: de carácter obrigatorio e non eliminatorio.: Consistirá en contestar por escrito 10 preguntas tipo test, con 4 respostas alternativas e 5 preguntas de problemas prácticos, propostas polo órgano de selección, relativas o temario. O exercicio desenvolverase durante un tempo máximo de 60 minutos e valorarase cun máximo de 40 puntos, a razón de 1 punto por cada resposta acertada na parte tipo test e 2 puntos na resolución de problemas prácticos. As respostas en branco non penalizarán, e cada respostas fallada descontará 1 punto.

### TEMARIO

Tema 1. Instalacións de iluminación pública: peonil e tráfico rodado. Tipos de soportes, de luminarias e de lámpadas máis frecuentes. Cimentacións, arquetas e canalizacións. Mantemento e conservación. Normativa aplicable.

Tema 2. Instalacións de iluminación interior. Tipos de lámpadas. Mantemento e conservación. Normativa aplicable.

Tema 3. Instalacións eléctricas temporais: feiras, verbenas, casetas, instalacións provisionais e temporais de obras

Tema 4. Instalacións de electrificación de edificios: Instalacións eléctricas de baixa tensión: Definición e clasificación. Acometida, caixa xeral de protección, liña repartidora. Contador de enerxía eléctrica, centralizacións. Derivación individual. Instalacións de interior de edificios.

Tema 5. Medidas nas instalacións eléctricas. Tensión, intensidade, resistencia e continuidade, potencia, resistencia eléctrica das tomas de terra. Instrumentos de medidas e características.

Tema 6. Equipos e ferramentas específicas na profesión de electricista: tipos, uso e funcionamento.

Tema 7. Redes de distribución de enerxía eléctrica de baixa tensión: Tipos de corrente, tensións e tipos de liñas. Redes aéreas e subterráneas. Distribucións máis frecuentes das redes. Tipo de condutores, identificación e características.

Tema 8. Cadros eléctricos. Protección en media e baixa tensión. Xeneralidades. Interruptores, disyuntores, seccionadores, fusibles, interruptores automáticos magnetotérmicos e interruptores diferenciais.

Tema 9. Acometidas eléctricas. Concepto e tipo de acometidas. Acometidas aéreas e subterráneas. Tipos e características básicas de Caixas Xeral de Protección e caixas de Protección e medida.

Tema 10. Grupos electrógenos. Procesos de arranques e paradas dun grupo electrógeno. Protección do grupo. Alarmas. Medidas eléctricas. Mantemento de grupos electrógenos.

Tema 11. Sistemas de telegestión en Iluminación Pública. Concepto, tipos, vantaxes e desvantaxes. Uso, mantemento e explotación.

Tema 12. Mantemento eléctrico: Tipos de mantemento. Verificacións e inspeccións iniciais previas á posta en servizo dunha instalación. Mantemento preventivo. Mantemento correctivo.

Tema 13. Avarías máis comúns en iluminación pública exterior e instalacións de iluminación interior de edificios. Causas e resolución. Ferramentas necesarias. Verificacións e inspeccións iniciais previas á posta en servizo dunha instalación.

Tema 14. Guía Técnica de aplicación ao Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión. Instrucións Técnicas Complementarias aplicables á actividade relacionada co posto.

Tema.15. Cálculos básicos aplicados aos traballos de mantemento municipalCualificacións:

| APELIDOS E NOME              | CONCURSO | PROBA ESCRITA | TOTAL |
|------------------------------|----------|---------------|-------|
| FRAGA NARTUBEZ, CARLOS JESUS | 10       | 11            | 21    |
| PENA MUIÑO, OSCAR            | 5        | 19,25         | 24,95 |

Da comenzo o seguinte exercizo, para aqueles aspirantes que non acreditaron estar en posesión do CELGA:

## 2.2.- Proba oral de coñecemento da lingua galega.

O presente exercicio puntuarase como apto ou non apto. A cualificación na proba como non apto supón a exclusión do candidato do procedemento de selección.

Consistirá na tradución oral directa e/ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 20 minutos.

Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para superar a proba.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes, como mínimo, o título CELGA 1 ou equivalente debidamente homologado, segundo a orde do 10 de febreiro pola que se modifica a orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Tras a realización das probas resulta :

|                              |      |
|------------------------------|------|
| FRAGA MARTINEZ, CARLOS JESUS | APTO |
| PENA MUIÑO, OSCAR            | APTO |

Quedando por tanto a listaxe :

| APELIDOS E NOME | TOTAL |
|-----------------|-------|
|-----------------|-------|

|                              |       |
|------------------------------|-------|
| PENA MUIÑO, OSCAR            | 24,25 |
| FRAGA MARTINEZ, CARLOS JESUS | 21    |

Cerceda, 15 de xullo de 2026.

O Presidente

A Secretaria